

## **Actividade de análise de texto**

NOTA: O fragmento que hai que comentar forma parte dun diálogo de Platón, o Fedón. Nesta obra, Sócrates é o personaxe protagonista, e mantén unha discusión cos seus discípulos para demostrar que a alma humana é inmortal. Para demostrar que a alma é inmortal, vai argumentar partindo da teoría das ideas platónica. Neste fragmento, expónse a teoría das ideas platónicas e explícase como se relacionan o mundo das ideas e o mundo sensible.

Lede o texto atentamente e consultade os apuntamentos da materia que tedes na aula virtual se é necesario (tamén vou subir recursos adicionais, vídeos, para os que estean interesados). Pode non resultar sinxelo de entender ao principio, pero é importante que fagades un pequeno esforzo. Vou poñer un prazo de entrega amplo para que poidades facerme na clase as preguntas que consideredes.

Facede a tarefa aínda que teñades dúbidas de se a estades a facer correctamente. Non facela supón renunciar a unha parte importante da nota da materia (recordade que as actividades contan un 30%). Ao puntual, vou ter en conta que é o primeiro exercicio deste tipo que facemos. Se a entregades e se ve reflexado un esforzo pola vosa parte, asegúrovos que non ides ter mala nota. Ánimo!

–Sin embargo –dijo él–, lo que digo no es nada nuevo, sino lo que siempre una y otra vez y también en el coloquio no he dejado de exponer. Voy, entonces, a intentar explicarte el tipo de causa del que me he ocupado, y me encamino de nuevo hacia aquellos asertos tantas veces repetidos, y comienzo a partir de ellos, suponiendo que hay algo que es bello en sí<sup>1</sup>, y lo bueno y lo grande, y todo lo demás de esa clase. Si me concedes y admites que eso existe, espero que te demostraré, a partir de ello, y descubriré la causa de que el alma es inmortal.

–Pues bien –contestó Cebes–, con la seguridad de que lo admito, no vaciles en proseguir.

–Examina, entonces –dijo–, las consecuencias de eso, a ver si opinas de igual modo que yo. Me parece, pues, que si hay algo bello al margen de lo bello en sí, no será bello por ningún otro motivo, sino porque participa de aquella belleza. Y por el estilo, eso lo digo de todo. ¿Admites este tipo de causa?

–Lo admito– contestó.

–Por tanto –prosiguió–, ya no admito ni puedo reconocer las otras causas, esas tan sabias. Conque, si alguien afirma que cualquier cosa es bella, o porque tiene un color atractivo o una forma o cualquier cosa de ese estilo, mando a paseo todas las explicaciones –pues me confundo con todas las demás– y me atengo sencilla, simple y, quizás, ingenuamente a mi parecer: que no la hace bella ninguna otra cosa, sino la presencia o la comunicación o la presentación en ella en cualquier modo de aquello que es bello en sí. Eso ya no lo preciso con seguridad; pero sí lo de que todas las cosas bellas son bellas por la belleza. Me parece que eso es una respuesta firme tanto para mí como para responder a otro, y manteniéndome en ella pienso que nunca caeré en error, sino que es seguro, tanto para responderme a mí mismo como a cualquier otro, que por lo bello son bellas las cosas bellas. ¿No te lo parece también a ti?

Platón; Fedón, 100b-100d.

1. Sinala no texto os termos máis importantes e defíneos brevemente (escolle, como mínimo, catro).
2. Sinala as diferentes partes e ideas do texto. Primeiro, sinálaas no texto con cores. Logo, explícaa brevemente. Tes que relacionar polo menos algunha desas ideas coa teoría metafísica de Platón.
3. Sinala cal é a tese ou idea principal do texto.

---

<sup>1</sup> Cando en metafísica se fala de algo que é “en si”, quérese dicir que é algo que non depende doutra cousa para existir, que é autosubsistente. O contrario de “ser en si” é “ser por outro”, é dicir, depender da existencia doutra cousa para existir. Cando Platón fala do “bello en si” ou do “bo en si” ou do “grande en si”, estase referindo á Idea de belo, a Idea do ben ou a Idea da grandeza. Por tanto, “bello en si” = “idea de Beleza”. Para Platón, as Ideas son en si (porque non dependen de nada para existir, pero as cousas sensibles non son en si, porque dependen das Ideas para ser e existir.